

Novidades na xestión e control de partes por incapacidade temporal a partir do 1 de abril de 2023

A persoa traballadora non terá que presentar parte de baixa, alta nin confirmación á empresa por baixas inferiores a un ano

CAMBIOS

Ceas a obriga por parte da persoa traballadora de ter que achegar copia en papel dos partes de baixa e alta médica

A empresa ou a mutua realizarán as xestións oportunas de maneira telemática e inmediata coa Seguridade Social

Nos procesos de baixas médicas, establecerase o período concreto de revisión médica

ACTUACIÓNS SEGUNDO A DURACIÓN DAS BAIXAS

DÍAS NATURAIS	PROCESOS
BAIXA INFERIOR A 5 DÍAS	<ul style="list-style-type: none">• O médico ou médica da SS ou a mutua emitirá o parte de baixa e de alta no mesmo acto• O parte de alta poderá ser do mesmo día ou de calquera dos tres días seguintes
ENTRE 5 E 30 DÍAS	<ul style="list-style-type: none">• O facultativo do servizo público de saúde, da empresa colaboradora ou da mutua emitirá o parte de baixa consignando a data da revisión médica prevista, que en ningún caso excederá en máis de sete días naturais a data de baixa inicial• Na data de revisión estenderase o parte de alta ou, en caso de permanecer a incapacidade, o parte de confirmación da baixa. Despois deste primeiro parte de confirmación, os sucesivos, cando foren necesarios, non poderán emitirse cunha diferenza de máis de 14 días naturais entre si
ENTRE 31 E 60 DÍAS	<ul style="list-style-type: none">• Emitirase o parte de baixa consignando a data da revisión médica prevista, que en ningún caso excederá en máis de sete días naturais a data de baixa inicial, expedíndose entón o parte de alta ou, se for o caso, o correspondente parte de confirmación da baixa• Despois deste primeiro parte de confirmación, os sucesivos, cando foren necesarios, non poderán emitirse cunha diferenza de máis de 28 días naturais entre si
61 DÍAS O MÁIS	<ul style="list-style-type: none">• Nos procesos de duración estimada de 61 ou máis días naturais, o facultativo do servizo público de saúde, da empresa colaboradora ou da mutua emitirá o parte de baixa, no que fixará a data da revisión médica prevista, a cal en ningún caso excederá en máis de 14 días naturais a data de baixa inicial, expedíndose entón o parte de alta ou, se for o caso, o correspondente parte de confirmación da baixa• Despois deste primeiro parte de confirmación, os sucesivos, cando foren necesarios, non poderán emitirse cunha diferenza de máis de 35 días naturais entre si

NORMATIVA DE REFERENCIA

Boletín Oficial del Estado, núm. 4 do xoves, 5 de xaneiro de 2023, sec. I, páx. 1160.
Real decreto 1060/2022, de 27 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 625/2014, de 18 de xullo, polo que se regulan determinados aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros trescentos sesenta e cinco días da súa duración